

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 14 DE SETEMBRO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Mugardos, para a execución de obras de rehabilitación do ben inmoble incluído no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia, Cine Zárate con destino a biblioteca municipal, por un importe total dun millón douscentos setenta mil catrocentos cincuenta e dous euros con setenta e dous céntimos (1.270.452,72 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Axencia Galega de Innovación, a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela, para instrumentar a concesión dunha subvención por parte da Axencia Galega de Innovación e fomentar a actividade investigadora do persoal investigador finalista nas convocatorias de axudas do ERC no marco do programa Horizon Europe, por importe de trescentos mil euros (300.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, para a continuidade dos estudos de lingua e literatura galegas no centro Vicente Cañada Blanch de Londres durante o curso 2026/27, por un importe de douscentos catro mil cincocentos sesenta e tres euros con noventa e un céntimos (204.563,91€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Juan Soñador, para o desenvolvemento do programa socioeducativo e de lecer e tempo libre, de atención integral para a infancia, a adolescencia e as familias no ano 2026. Importe total: douscentos sesenta e seis mil novecientos dezanove euros con sesenta e un céntimos (266.919,61€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón do novo Proxecto de residencias de maiores para a ampliación e equilibrio territorial da rede de prazas públicas en Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado "Senda peonil na AC-424 en Corme (Ponteceso)", cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de catrocentos oitenta e tres mil douscentos dezaseis euros con vinte e sete céntimos (483.216,27 €). Actuación susceptible de ser cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego da Vivenda e Solo para a licitación das obras de construción dun edificio para 50 aloxamentos compartidos de promoción pública (VPP), zonas comúns, garaxes e rochos na rúa Illa Coelleira, 1 (Lugo), cun orzamento de licitación de seis millóns cincocentos dous mil setecentos cincuenta e sete euros con noventa e oito céntimos (6.502.757,98 €), IVE incluído, e un valor estimado de cinco millóns novecientos once mil cincocentos noventa e oito euros con dezaseis céntimos (5.911.598,16 €), IVE excluído.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia no marco do Proxecto Terra 2026-2028, por un importe de catrocentos trinta e sete mil euros (437.000,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se toma razón da posta á disposición en e-saúde da epígrafe Información económica da miña atención sanitaria.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da evolución dos sistemas corporativos de farmacia e axuda á prescrición por un importe total de licitación de tres millóns douscentos cincuenta e dous mil catrocentos oitenta euros con IVE (3.252.480,00 €) e un valor estimado de cinco millóns dezasete mil seiscentos euros, sen IVE (5.017.600,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de sistemas de monitorización cardíaca implantable (*holter*) e monitorización cardíaca externa prolongada tipo parche con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de dous millóns douscentos vinte e catro mil cincocentos oito euros (2.224.508,00€) con IVE e un valor estimado de cinco millóns catrocentos vinte e cinco mil novecentos vinte euros (5.425.920,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de videobroncoscopios dun só uso e material funxible de ecobroncoscopia para as áreas sanitarias da Coruña-Cee; Santiago de Compostela-Barbanza; Ferrol; Lugo-A Mariña-Monforte de Lemos; Vigo, Pontevedra-O Salnés; Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras, do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de dous millóns cento trinta e un mil vinte e seis euros con oitenta céntimos, con IVE (2.131.026,80€) e un valor estimado de cinco millóns setecentos cincuenta e tres mil setecentos setenta e dous euros con trinta e seis céntimos, sen IVE (5.753.772,36€).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de material cirúrxico dun só uso necesario para a realización de laparoscopia e cirurxía aberta, con posta á disposición do equipamento e torres de laparoscopia con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de vinte e seis millóns seiscentos dezasete mil catrocentos vinte euros con dezasete céntimos (26.617.420,17 €) IVE incluído, e un valor estimado de cincuenta e nove millóns catrocentos cincuenta e sete mil setecentos oitenta e tres euros con setenta e tres céntimos (59.457.783,73 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vilanova de Arousa, para a reforma do Centro de Saúde de Vilanova de Arousa por importe de trescentos tres mil novecentos vinte e un euros con corenta e seis céntimos (303.921,46€).
- Acordo polo que se toma razón do Protocolo de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, para asentar as bases de colaboración para a construción dunha nova sede para a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción de nove convenios de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e entidades do terceiro sector, para a realización do programa de inserción laboral da poboación migrante dentro de Galicia Suma Talento por un importe global de dous millóns seiscientos cincuenta e cinco mil euros (2.655.000 €), así como a concesión de pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida na normativa de subvencións de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre as alegacións ao Proxecto de real decreto polo que se adoptan medidas de xestión dos riscos de inundación.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- informe sobre a formación da Escola Galega de Administración Pública en administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe sobre a xestión de actuacións preventivas de incendios forestais no marco de montes veciñais en man común e agrupacións conxuntas.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre as axudas concedidas na convocatoria 2026 a proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021–2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO CO CONCELLO DE MUGARDOS PARA LEVAR A CABO A REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DO CINE ZÁRATE DE MUGARDOS COMO BIBLIOTECA MUNICIPAL

- O acordo inclúe unha achega de 145.000 euros por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- A achega total da Xunta ascendería a 255.000 euros ao sumarse outra de 110.000 euros da Consellería de Cultura, Lingua e Deportes co obxectivo de colaborar no Concello para dar un novo uso a este edificio incluído no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia
- O proxecto permite devolverlle á cidadanía un edificio que forma parte da identidade colectiva do Concello pero que se atopa en estado de deterioración ao convertelo nun novo espazo común de referencia da vida cultural da veciñanza

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Mugardos, para a execución de obras de rehabilitación do cine Zárate para destinalo a biblioteca municipal por 145.000 euros. O importe total das actuacións que se van realizar ascende a máis de 1,2 millóns de euros, dos cales a Xunta achega máis de 255.000 euros, xa que aos 145.000 euros por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes no marco deste acordo se sumarían outros 110.000 euros da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Pola súa parte, o Concello de Mugardos achegaría máis de 64.700 euros e, segundo traslada, Regasificadora del Noroeste, S.A (Reganosa) financiaría o importe restante das actuacións.

Cómpre aclarar que este ben inmoble está incluído desde 2017 no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia conforme a resolución ditada ao abeiro do establecido na Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.

O obxectivo é adaptar e modernizar o espazo, que actualmente se encontra en avanzado estado de deterioración, dándolle un novo uso como biblioteca municipal, restaurando o volume existente o máis próximo posible ao seu estado orixinal e conservando o seu valor histórico. O interior do edificio habilitarase acorde coas novas necesidades e demandas do novo uso. Así, dotarase a planta baixa para exposición de libros e unha área infantil illada pero visible desde o mostrador. Ademais, a antiga cantina será unha espazosa aula tecnolóxica e tamén se acondicionará un novo acceso adaptado.

A planta primeira acondicionarase como unha sala de lecturas e contará con *boxes* de estudos desconectados do resto para maior concentración, un pequeno almacén e a rehabilitación da terraza. O soto albergará unha sala multiúsos, principalmente como sala de exposicións.

O cine Zárate forma parte da identidade colectiva da veciñanza de Mugardos, polo que o Concello, consciente da súa importancia, impulsa un proxecto para devolver á vida cotiá o inmoble a través dun servizo público que permite achegar a cultura a toda a cidadanía con independencia da súa idade, como é a biblioteca, xunto con outros usos que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

permitan configurar o inmoible como espazo común de referencia da vida cultural da veciñanza.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON 300.000 EUROS A ACTIVIDADE DE SEIS INVESTIGADORES GALEGOS FINALISTAS NAS AXUDAS DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN

- A Universidade de Santiago de Compostela recibirá 200.000 euros para a continuidade de catro científicos que quedaron ás portas de Synergy Grants e Advanced Grants e a Universidade da Coruña 100.000 euros para outros dous investigadores
- Trátase dunha liña de axudas do programa Oportunius para que científicos que acadan as fases finais das convocatorias ERC, as máis exixentes e competitivas de Europa, reforcen a súa candidatura e se volvan presentar
- Desde 2015, a Xunta destinou 2,4 M€ a convenios coas tres universidades para apoiar 48 investigadores finalistas e seguir potenciando a I+G+i

A Xunta de Galicia destinará 300.000 euros a apoiar a actividade investigadora de seis científicos das universidades públicas galegas que chegaron á fase final das prestixiosas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC) pero non obtiveron a axuda. O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio entre a Axencia Galega de Innovación, a Secretaría Xeral de Universidades e as Universidades da Coruña (UDC) e de Santiago de Compostela (USC), para que estes investigadores poidan continuar coa súa actividade e reforzar as súas posibilidades de éxito en futuras convocatorias europeas.

En concreto, o convenio beneficiará seis investigadores finalistas nas convocatorias ERC de 2025: catro deles desenvolven a súa actividade na Universidade de Santiago de Compostela –dous finalistas das *Synergy Grants* e dous das *Advanced Grants*– e outros dous na Universidade da Coruña, finalistas, respectivamente, das modalidades *Starting Grant* e *Advanced Grant*. A USC recibirá 200.000 euros e a UDC 100.000 euros, cun apoio equivalente a 50.000 euros por investigador.

Estes recursos destinaranse a reforzar os proxectos científicos e o currículo dos investigadores, que adquiren o compromiso de volver presentar a súa candidatura ao ERC. Deste xeito, a Xunta ofrécelle unha nova oportunidade a persoal investigador que acreditou un nivel de excelencia científica moi elevado ao chegar á fase final dun dos procesos de selección máis exixentes e competitivos de Europa, o que reforza a nosa I+G+i.

Entre os finalistas atópase persoal investigador de diferentes áreas de coñecemento como a biomedicina, con traballos no eido do metabolismo molecular e das enfermidades neurodexenerativas; a química orgánica, co desenvolvemento de ferramentas sintéticas e químicas para a captación de enerxía; a física nuclear e de altas enerxías ou proxectos centrados no ámbito das humanidades, cultura e relixión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os fondos poderán destinarse, entre outros conceptos, á contratación de persoal investigador, técnico e auxiliar; á adquisición de equipamento; servizos tecnolóxicos; formación e participación en congresos; estadías e viaxes ou material necesario para o desenvolvemento da investigación. O convenio estenderase ata finais de 2007.

Liñas de apoio do programa Oportunius

Esta liña de apoio forma parte do programa Oportunius, a iniciativa da Xunta dirixida á xeración, retención, atracción e retorno a Galicia de talento investigador de excelencia. Este programa artículase ao redor de tres grandes ámbitos: a atracción da excelencia, o apoio aos investigadores que acadan as fases finais das convocatorias ERC e o fomento da participación de científicos con alto potencial nestes programas europeos.

En canto ao apoio a finalistas, desde 2015 a Administración autonómica promoveu convenios por cerca de 2,4 M€ que permitiron conceder 48 apoios a investigadores que chegaron ás fases finais destas convocatorias europeas, incluídos os seis correspondentes ao convenio deste ano.

Neste período, os convenios permitiron apoiar persoal investigador da Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo e centros do CSIC en Galicia, consolidando unha ferramenta estable para acompañar os científicos que acreditan unha traxectoria de excelencia e quedan ás portas de obter financiamento europeo.

31 contratos Oportunius a finais de 2026

As axudas do Consello Europeo de Investigación están consideradas entre as máis prestixiosas e competitivas do ámbito científico europeo. As súas diferentes modalidades permiten apoiar desde investigadores que están a crear os seus primeiros equipos independentes ata científicos cunha ampla traxectoria ou equipos que colaboran na resolución de grandes retos científicos.

Ata setembro de 2026 o programa facilitou 28 contratos Oportunius a persoal gañador ERC e apoiou 47 gañadores/as que contan con 59 proxectos financiados polo ERC. Ademais, hai tres contratos pendentes de sinatura, un deles coa praza xa adxudicada. A finais de 2026 agárdase chegar a 31 contratos asinados, polo que será o ano con máis contratos.

Os fondos achegados ata 2025 financiados polo ERC (76,9 M€) sumados aos fondos adicionais obtidos (45,9 M€) polos grupos liderados polos seus titulares —en convocatorias competitivas de investigación, en actividades de transferencia e noutros conceptos como premios— ascenden a 122,8 M€. Esta inxección de recursos ao ecosistema de I+G+i quintuplica os fondos destinados pola Xunta de Galicia ao programa Oportunius.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O CONVENIO PARA GARANTIR O ENSINO DO GALEGO NO INSTITUTO CAÑADA BLANCH DE LONDRES

- A Consellería de Educación asumirá a dotación dun profesor para este curso 2026/27, despois de que o Ministerio se negase a asinar o convenio que viña funcionando sen problemas nos últimos 30 anos
- Dáse solución ao problema xerado polo Goberno central, que en todo caso debe sacar a concurso a praza dun docente para a súa cobertura estable e definitiva de cara aos seguintes cursos

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio para garantir o ensino do galego no Instituto Vicente Cañada Blanch, en Londres. Para iso, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP asinará un convenio de colaboración co Ministerio do ramo, co que se busca unha solución específica para este curso 2026/27 despois de que o Goberno central non quixese renovar o acordo que viña funcionando con normalidade desde hai 30 anos.

Segundo establece o acordo, no curso 2026/27 a Consellería de Educación asumirá a dotación e retribución dun profesor para que imparta Lingua e Literatura Galega, que se debe ofertar como materia optativa nos diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria do centro londiniense. Será un profesor desta especialidade, funcionario docente da Xunta, que será destinado ao centro en comisión de servizos durante o curso 2026/27.

Dáse solución ao problema xerado polo Goberno central, que en todo caso debe sacar a concurso a praza dun docente para a súa cobertura estable e definitiva de cara aos seguintes cursos.

Compromiso para garantir a continuidade das ensinanzas

Este acordo demostra o compromiso da Xunta coa difusión da lingua e cultura galegas no exterior, especialmente entre os galegos da diáspora. De feito, foi a propia Consellería de Educación a que advertiu que o Ministerio, de xeito unilateral, decidira non asinar este ano o convenio que viña funcionando desde hai máis de 30 anos para impartir galego en Londres.

Unha vez que se tivo coñecemento desta situación, o Goberno galego contactou co Ministerio para que se comprometese a garantir a continuidade destas ensinanzas. Unha vez acadado o compromiso do Goberno central de sacar a concurso a praza docente para os vindeiros cursos, a Xunta cumpre co seu compromiso de asumir a dotación do profesor para este curso 2026/27.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A SÚA COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR PARA A ATENCIÓN INTEGRAL A MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO, DESAMPARO OU EXCLUSIÓN SOCIAL

- O Consello autoriza un novo convenio da Consellería de Política Social e Igualdade coa entidade por un importe de 267.000 euros
- O Goberno galego blinda este programa ao incrementar un 23% a súa achega con respecto ao ano anterior
- Con este acordo daránselles atención socioeducativa e alternativas de lecer e tempo libre a aproximadamente 400 nenos, nenas e adolescentes

O Consello da Xunta deu luz verde a un novo convenio entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Juan Soñador para blindar e dar continuidade ao programa socioeducativo, de lecer e tempo libre e de atención integral a nenos, nenas e adolescentes en situación de risco, desamparo ou exclusión social. O orzamento deste acordo é de case 267.000 euros, dos cales a Administración autonómica achega preto de 213.000 euros e o resto son achegados pola entidade.

A Xunta leva desde o ano 2015 apoiando economicamente este programa que xa atendeu case 4.000 menores entre os 6 e os 18 anos de idade. A previsión é que este ano se beneficien deste programa outros 400.

A través desta iniciativa, trabállase cos mozos en catro eidos fundamentais. O primeiro é a atención ao desenvolvemento persoal e social, por medio de itinerarios socioeducativos individualizados e do seguimento e atención psicosocial e emocional. O segundo eixe céntrase na atención escolar, co fin de conseguir a motivación para o estudo e a aprendizaxe e para o cal se traballa tanto co menor como coa súa familia. O terceiro é o apoio familiar, co acompañamento ás familias, e o cuarto ámbito de actuación do programa é a dinamización do lecer e o tempo libre, que inclúe a realización de actividades lúdicas e culturais para favorecer a participación social e o crecemento saudable.

Este convenio enmárcase nas accións coa infancia en situación de desprotección que impulsa a Xunta. As principais son: o programa de avaliación e tratamento terapéutico desenvolvido, o de inserción sociolaboral Mentor, o programa de integración familiar ou o programa de acollemento en familia allea.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE O CONSELLO APROBA O NOVO PROXECTO DE RESIDENCIAS DE MAIORES PARA A CREACIÓN DE 25 CENTROS E MÁIS DE 1.800 PRAZAS

- Destaca que, como mínimo, “o 60% destas novas prazas serán públicas”
- A conselleira salienta un proxecto de residencias que implicará “máis prazas, máis empregos, máis servizos e máis oportunidades”
- Dentro desta iniciativa, inclúese o compromiso co novo centro en Ribeira
- A maiores, a iniciativa contempla outros 24 equipamentos repartidos en 12 lotes, cada un deles composto por unha residencia de máis de 100 prazas e por outra de menor tamaño que estará situada nun concello próximo
- Os concellos terán un mes de prazo para adherirse a este plan e contarán cun ano para facer efectiva a posta a disposición da parcela
- O presidente enmarca esta proposta no obxectivo da Xunta de “crear 3.500 novas prazas nesta lexislatura, das que xa están en marcha a metade”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe un proxecto de residencias de maiores que “permitirá crear 1.800 novas prazas” a través de 25 novos centros. Deste xeito, incrementarase a oferta actual de prazas residenciais en Galicia e a previsión é xerar un milleiro de postos de traballo.

Dentro desta proposta inclúese o compromiso do Executivo autonómico co novo centro en Ribeira. A maiores, como explicou a conselleira de Política Social, Fabiola García, contéplanse outros 24 equipamentos repartidos en 12 lotes, “cada un deles formado por unha residencia de máis de 100 prazas e por outra de menor tamaño”, que se denomina ‘satélite’, e que estará situada nun concello próximo para optimizar os recursos.

Tal e como explicou Rueda, estes 24 novos centros estarán distribuídos “en concellos de menos de 25.000 habitantes” que ata o momento non dispoñen de prazas residenciais públicas para persoas dependentes (grado II e III), coa finalidade de procurar a máxima cobertura e achegar estes recursos á cidadanía. Así, a provincia da Coruña contará con oito novos centros (nove contando o de Ribeira), a de Pontevedra disporá de sete, na provincia ourensá impulsaranse cinco e na de Lugo outros catro.

Este proxecto desenvolverase mediante unha fórmula de colaboración público-privada na que a Xunta garante que “como mínimo o 60% das novas 1.800 prazas sexan de titularidade pública autonómica”.

Emprazamentos seleccionados

En concreto, na provincia da Coruña as novas residencias situaranse nos seguintes ámbitos: na zona Noia/Barbanza, o centro principal estaría no Porto do Son e o de menor tamaño en Outes. Na de Eume/Ortega, o equipamento de máis de 100 prazas emprazaríase en Mañón e o satélite en Cariño. Na área de Bergantiños/Costa da Morte,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Carnota sería a localización da residencia principal e Cabana de Bergantiños a elixida para a de menor envergadura. E na comarca das Mariñas Coruñesas, Oza Cesuras acollería a infraestrutura máis grande e Carral a máis pequena.

No caso de Pontevedra, estas son as zonas elixidas para desenvolver o proxecto: na zona do Porriño e O Val Miñor, o concello do Porriño sería o emprazamento do equipamento principal e Baiona o do centro satélite. Na comarca do Salnés, selecciónase Sanxenxo para a residencia de máis de 100 prazas e Cambados para a outra do lote. Na contorna de Pontevedra, o centro principal estaría en Marín e o complementario en Moraña. E na área de Condado/Paradanta: Arbo acollería a residencia máis grande e Padrenda (moi preto, pero en Ourense), a de menos capacidade. Este é o único lote compartido por dúas provincias.

Dentro da provincia de Ourense, as residencias de maiores impulsaranse no ámbito do Ribeiro: o centro de máis de 100 prazas estaría en Ribadavia e o satélite en Castrelo de Miño. Mentres que na área da cidade de Ourense, o equipamento de maior tamaño construírías en San Cibrao das Viñas e o de menores dimensións en Toén. A estes centros engádese o xa sinalado de Padrenda.

E, finalmente, os novos centros previstos en Lugo localizaríanse en dous espazos xeográficos: na área que comprende as zonas de Lugo/Sarria, a residencia grande iría no Corgo e a de menor entidade no Páramo. No sur de Lugo, O Saviñao sería o emprazamento principal elixido, e Folgoso do Courel o concello para o centro de menor capacidade.

Adhesión dos concellos

Para desenvolver esta proposta será necesaria a cesión dunha parcela dotacional por parte dos concellos. As Administracións locais disporán do prazo dun mes para adherirse a este proxecto e contarán co prazo dun ano para facer efectiva a posta a disposición da parcela que cumpra con todos os requisitos. A partir de que os concellos vaian confirmando a súa adhesión, a Xunta contactará con eles para axudalos en todo o proceso.

A maiores, a iniciativa inclúe, xunto con estas 24 novas residencias, a comprometida pola Xunta de Galicia en Ribeira, con máis de 100 prazas, e na que xa se está traballando co Concello na cesión da parcela na contorna do parque de San Roque.

O novo proxecto de residencias dá cumprimento ao compromiso adquirido no Debate do Estado da Autonomía de 2025 e enmárcase, segundo resaltou Rueda, "no obxectivo de impulsar máis de 3.500 novas prazas residencias esta lexislatura, das que xa están en marcha a metade". Unha iniciativa que, segundo a conselleira, implicará "máis prazas, máis empregos, máis servizos e máis oportunidades" a todos os concellos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DUNHA NOVA SENDA PEONIL NA AC-424 EN CORME, NO CONCELLO DE PONTECESO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE APROXIMADAMENTE 565.000 €

- Trátase de executar un itinerario que suporá continuar a mellora da seguridade viaria e o fomento da mobilidade sustentable nesa vía, unindo esta nova senda de 685 metros de lonxitude Corme Aldea con Corme Porto
- Esta actuación está incluída na nova fase do Plan de sendas en estradas de titularidade autonómica da Xunta, e a súa execución estará cofinanciada con fondos europeos Feder 2021-2027

O Consello da Xunta acordou hoxe aprobar o proxecto de trazado para a execución dunha nova senda peonil na estrada autonómica AC-424, en Corme, no concello de Ponteceso, que suporá un investimento total de aproximadamente 565.000 euros.

Trátase de continuar coa mellora da seguridade viaria e o fomento da mobilidade sustentable levada a cabo nesta vía de titularidade da Xunta, tendo en conta que este novo itinerario conectará coas beirarrúas existentes en Corme Porto, e permitirá unir Corme Aldea con Corme Porto, que é núcleo urbano de referencia para a prestación de servizos.

A aprobación definitiva hoxe deste proxecto por parte do Executivo autonómico comporta tamén a declaración de utilidade pública dos 22 predios necesarios para executar as obras. Coa aprobación de hoxe, a Xunta progresa na supervisión do proxecto construtivo para a próxima licitación das obras. O prazo de execución da intervención é de 9 meses.

A intervención

Trátase de impulsar un novo tramo da AC-424, entre os puntos quilométricos 6+665 e 7+356, o que permita garantir un itinerario peonil seguro entre os núcleos de poboación da contorna. Para executar este novo itinerario é preciso a expropiación de 22 predios neste concello coruñés.

En concreto, proponse executarse un treito de senda entre Corme Aldea e Corme Porto, pola marxe esquerda da estrada. O punto final da actuación desprazouse ata o punto quilométrico 7+356, en lugar do 7+530 valorado inicialmente (indicado na orde de estudo), xa que neste punto a nova senda aprobada se une cunha senda peonil existente que discorre pola marxe esquerda da estrada ata Corme Porto.

A lonxitude total do itinerario acadará os 685 metros. A senda, en cor terriza, terá algo máis de 2 metros de ancho, e disporá dunha beiravía de 0,50 metros en todo o percorrido, á cal se lle engade unha cuneta previa á senda entre os puntos 6+728 e o 7+356.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, neste actuación inclúese o deseño dun muro de contención de formigón armado tipo ménsula, para minimizar as afeccións a unha vivenda existente nas proximidades do punto quilométrico 7+120 da AC-424 na súa marxe esquerda, minimizando así as escavacións en noiro.

Finalmente, na intervención prevese a pavimentación das entradas e accesos que deberán atravesar a senda proxectada, así como as actuacións necesarias de drenaxe da senda. Tamén se inclúen a preinstalación dos servizos para as futuras redes de telecomunicacións e da rede de abastecemento.

Esta actuación está incluída na nova fase do Plan de sendas en estradas de titularidade autonómica da Xunta, e a súa execución estará cofinanciada con fondos europeos Feder 2021-2027.

Mapa de situación da nova senda:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA LICITA A OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE 50 ALOXAMENTOS COMPARTIDOS PARA MENORES DE 36 ANOS EN LUGO

- Construiranse nunha parcela, en Illa Coelleira
- O importe de licitación é de máis de 5,9 millóns de euros
- Os aloxamentos contarán con vestíbulo, estar-comedor-cociña, dormitorio e baño e con espazos de uso común compartido
- Nesta promoción contarase con espazos de uso común compartido entre os adxudicatarios, desde lavandaría en cada planta a espazos para visitantes, e de uso interno dos residentes do edificio na primeira planta e na terraza
- Na planta ático, un pequeno espazo pechado de uso común, terraza para uso comunitario cunha pérgola exterior e unha zona de instalacións con paneis solares, bombas de calor e as saídas das ventilacións

O Consello da Xunta autorizou a licitación do contrato de execución das obras de construción de 50 aloxamentos compartidos para menores de 36 anos que se construírán na parcela da rúa Illa Coelleira, 1, no concello de Lugo. Está é a segunda obra de aloxamentos compartidos que se licita, despois de que a finais de xullo se licitase a de 80 aloxamentos en Vigo. Tamén están previstos 60 aloxamentos en Santiago de Compostela (Xoán XXIII) e 150 na Coruña (Elviña).

O importe de licitación do contrato destes aloxamentos compartidos de Lugo será de 5.911.598,16 euros.

O proxecto foi redactado polos arquitectos Jesús Quiroga López, Antonio Rodríguez Moscoso, Sara Fernández Rivera (UTE Satoki Aplugo), adxudicado por 246.840,00 euros.

Cada aloxamento contará con vestíbulo, estar-comedor-cociña, dormitorio e baño. A superficie útil media de cada aloxamento é de 45,55 metros cadrados. Proxéctanse 2 aloxamentos adaptados a persoas con mobilidade reducida.

A figura dos aloxamentos compartidos foi creada a través da Lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación de 2025; supoñen unha alternativa residencial ao uso de vivenda e pretenden resolver, de forma transitoria, as necesidades de aloxamento das persoas mozas e facilitar, deste xeito, a súa emancipación.

Espazos compartidos

Os aloxamentos son cualificados como "compartidos" non porque cada un deles vaia ser compartido por varias persoas, senón porque contan con espazos de uso común compartido entre todos os adxudicatarios, como, por exemplo, lavandaría en cada planta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta promoción haberá espazos compartidos na planta baixa e na terraza. Os espazos compartidos de planta baixa presentan un dobre acceso: un directamente desde o exterior para visitantes dos usuarios do inmovible, e outro interno para os propios residentes do edificio. Componse de dúas salas de uso flexible en L que serán compartimentables entre elas mediante tabiques corredoiros. Ambas as dúas ábrense mediante grandes panos acristalados a un patio con vexetación, que tamén poderá funcionar como zona de lecer para os usuarios.

Na planta ático, un pequeno espazo pechado de uso común, terraza para uso comunitario cunha pérgola exterior e unha zona de instalacións con paneis solares dispostos cara ao sur, unidades exteriores das bombas de calor e as saídas das ventilacións.

Xestión

A xestión dos aloxamentos, unha vez construídos, corresponderá á Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Con esta promoción, a Xunta continúa avanzando no compromiso de duplicar o parque público de vivenda ao remate de 2028. En Lugo, a Xunta ten en execución 615 vivendas de promoción pública, incluídos estes aloxamentos compartidos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A RENOVACIÓN DA COLABORACIÓN DA XUNTA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA DESENVOLVER O PROXECTO TERRA 2026-2028

- As actuacións previstas no marco deste convenio suporán un investimento de 437.000 euros, un orzamento que será financiado nun 90% por parte da Xunta
- O Proxecto Terra está dirixido aos alumnos de todos os centros educativos da Comunidade Autónoma, co obxectivo de reforzar o seu coñecemento sobre a arquitectura da comunidade e a identidade territorial
- Como novidade, esta edición do convenio estende as actividades de Proxecto Terra aos alumnos de Formación Profesional e dos centros de Educación Especial
- Este programa consiste na realización de actividades, con material didáctico específico para cada etapa educativa, que contribúen á sensibilización sobre os espazos que habitamos, a paisaxe ou o respecto ao territorio
- As cifras avalan o interese e éxito do Proxecto Terra, no que participaron nas dúas últimas décadas máis de 69.000 alumnos

O Consello da Xunta autoriza a renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Axencia da Protección da Legalidade Urbanística e o Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG) para desenvolver o Proxecto Terra 2026-2028.

As actuacións previstas no marco deste convenio suporán un investimento de 437.000 euros, un orzamento que será financiado nun 90% por parte da Xunta.

O acordo hoxe aprobado dá continuidade á materialización do Proxecto Terra ao longo dos anos 2026, 2027 e 2028.

Este programa, que se vén levando a cabo dende o 2003, ten por obxectivo mellorar o coñecemento dos cidadáns sobre a arquitectura da comunidade, así como da súa identidade territorial.

Trátase de afondar na incidencia da actividade humana sobre o territorio, implicando á cidadanía na calidade da construción dos espazos que habitamos e no respecto da ordenación urbanística.

Esta iniciativa inclúe a realización de actividades amenas e creativas que contribúen á sensibilización e formación sobre os espazos e lugares habitados, a paisaxe e o dereito ao hábitat.

Nesta nova edición do convenio, a realización de actividades co alumnado vai dirixido aos estudantes de todos os centros educativos de Galicia, estendéndose como novidade

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

na actualidade este programa ás ensinanzas de Formación Profesional e centros de Educación Especial.

A través de material didáctico deseñado especificamente para cada etapa educativa, o hábitat estúdase afondando en diferentes aspectos, como son a paisaxe, o territorio, o urbanismo, a arquitectura ou o medio ambiente.

O citado proxecto combina educación e urbanismo, transmitindo como principal valor a importancia do respecto ao territorio e do coidado da riqueza paisaxística.

Así mesmo, o Proxecto Terra xurde unha nova oportunidade de que os alumnos amosen a súa creatividade e percepción do territorio e da paisaxe, cunha segunda edición do concurso de debuxo, pintura e fotografía: "Amosando e Protexendo o noso territorio".

Máis de dúas décadas do Proxecto Terra

Cómpre lembrar que o Proxecto Terra naceu hai máis de dúas décadas da man dun grupo de profesores de secundaria e da universidade, co paradigma de que "aprender sobre a paisaxe e a arquitectura é saber como fomos construindo como comunidade os espazos que habitamos, aprender do pasado para proxectar o futuro, asumir con responsabilidade na xestión deste patrimonio construído herdado, para administralo con sabedoría e traspasalo con xenerosidade».

A incorporación da Xunta e do COAG ao Proxecto Terra remóntase ao 2003, mantendo unha colaboración continuada na elaboración de materiais e actividades didácticas, co fin de formar, difundir e ampliar os coñecementos da comunidade educativa en temas relacionados co territorio.

As cifras avalan o interese e éxito do Proxecto Terra, no que participaron nas dúas últimas décadas máis de 69.000 alumnos.

No ano 2010 o Proxecto Terra recibiu o Premio Nacional de Urbanismo, sendo a primeira vez que se outorgaba a unha iniciativa educativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA HABILITA UNHA NOVA FUNCIÓN NA APLICACIÓN *SERGAS MÓBIL* PARA QUE OS USUARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE POIDAN CONSULTAR INFORMACIÓN ECONÓMICA SOBRE A ASISTENCIA SANITARIA

- Estruturados en catro grandes epígrafes, achegaranse os datos económicos vinculados á asistencia recibida nos servizos de atención primaria, en atención especializada, nos servizos de urxencias e puntos de atención continuada, así como o detalle dos produtos e medicamentos dispensados nas oficinas de farmacia
- Na actualidade, a aplicación dixital sanitaria da Xunta xa conta con 2,3 millóns de usuarios, dos cales preto de 1,5 millóns xa solicitaron a modalidade de acceso de seguridade alta para dispoñeren de todas vantaxes da plataforma
- Esta iniciativa ten carácter exclusivamente informativo e forma parte da estratexia de transparencia do Goberno galego, aliñándose co obxectivo de achegar un sistema sanitario público máis universal, accesible e eficiente

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a incorporación dunha nova funcionalidade dixital na aplicación *Sergas móbil*, co obxectivo de que os usuarios do Servizo Galego de Saúde poidan consultar información económica sobre a asistencia sanitaria.

Así, e tras acceder ao seu perfil persoal na aplicación *Sergas móbil*, os usuarios deberán premer na icona do Portal do paciente *e-saúde*, para a seguir, premer na epígrafe "*Valoración económica da miña atención sanitaria*". Neste espazo, a cidadanía galega poderá visualizar a súa información económico-sanitaria, que se presentará desagregada en catro grandes grupos, segundo o servizo a que pertenza a asistencia prestada.

En concreto, a poboación poderá atopar información detallada sobre o valor da súa actividade nos servizos de atención primaria galegos, como é o caso das consultas médicas, de enfermaría, das extraccións de sangue ou doutros servizos asistenciais recibidos no centro de saúde.

Así mesmo, terá a opción de consultar o importe dos actos sanitarios rexistrados en atención especializada, tales como consultas, probas diagnósticas, tratamentos e outros procedementos ambulatorios.

En terceiro lugar, a nova funcionalidade que se incorpora a *Sergas móbil* abordará o valor da asistencia recibida nos servizos de urxencias hospitalarias e nos puntos de atención continuada (PAC).

Por último, tamén haberá unha epígrafe co detalle dos medicamentos e produtos dispensados nas oficinas de farmacia galegas, presentando os seus prezos de venda ao

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

público, a achega realizada polo paciente ou o custo asumido polo Servizo Galego de Saúde.

Cómpre salientar que os importes dos servizos sanitarios prestados están baseados nos prezos públicos de referencia fixados no Decreto 56/2014, do 30 de abril. Pola súa banda, o custo dos medicamentos estará vinculado ao momento da súa dispensación, a partir do seu prezo oficial de venda ao público, e de acordo coa achega que lle corresponda a cada usuario, segundo a súa situación administrativa.

Esta iniciativa ten carácter exclusivamente informativo e insírese na estratexia de transparencia do Goberno galego.

O departamento sanitario da Xunta ten previsto ampliar progresivamente, durante o próximo trimestre, a información vencellada a outros ámbitos asistenciais, tales como os importes por hospitalización, a hospitalización a domicilio (HADO), farmacia hospitalaria, próteses, terapias respiratorias ou transporte sanitario non urxente, entre outros.

Na actualidade, a aplicación *Sergas móbil* xa está a ser empregada por máis de 2,3 millóns de galegos. Con todo, para dispor desta nova funcionalidade será preciso contar e/ou solicitar a modalidade de acceso de seguridade alta (mediante certificado dixital ou Chave 365).

Con esta medida, a Xunta reforza a súa aposta pola proximidade, a transparencia e a modernización do Sistema público de saúde de Galicia, ampliando a información que lle fai chegar á cidadanía, ao tempo que optimiza a accesibilidade aos seus servizos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA POR 3,2 M€ O DESENVOLVEMENTO DUNHA NOVA PLATAFORMA DE APOIO Á PRESCRICIÓN, VALIDACIÓN, HOMOLOGACIÓN, DISPENSACIÓN E SEGUIMENTO FARMACOTERAPÉUTICO

- A plataforma deberá permitir a explotación proactiva e segura da información farmacolóxica, clínica, microbiolóxica e farmacoxenómica dispoñible nos sistemas corporativos
- Proporcionaralles aos profesionais sanitarios capacidades avanzadas de apoio á decisión clínica, mellorando a seguridade do paciente
- A crecente complexidade da atención sanitaria, o incremento da cronicidade e da polimedicación e a incorporación constante de novos medicamentos e terapias avanzadas fan necesario un novo paradigma baseado no apoio activo á decisión farmacoterapéutica

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación, por importe de 3.252.480 euros, dos servizos de desenvolvemento evolutivo dunha nova plataforma para o apoio á prescrición, validación, homologación, dispensación e seguimento farmacoterapéutico. O Executivo galego considera necesario desenvolver unha nova plataforma que integre, substitúa progresivamente e evolucione os sistemas actuais.

Cofinanciado nun 60 % con fondos Feder Galicia 2021-2027, o contrato terá unha duración de 36 meses e recolle unha posible prórroga de dous anos. Neste caso, o valor estimado do contrato ascende a 5.017.600 euros.

Esta actuación busca transformar os sistemas corporativos de prescrición farmacéutica desde un modelo reactivo cara a un modelo predictivo e proactivo de apoio á decisión clínica, orientado a identificar riscos, personalizar tratamentos e actuar antes de que se produzan problemas relacionados coa medicación.

Incremento da cronicidade e incorporación de novos medicamentos

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde desenvolveron un *software* de dispensación electrónica nas oficinas de farmacia en Galicia, e estableceuse neste período o proxecto de implantación da receita electrónica, denominado e-Receita, en toda a rede de centros asistenciais e de oficinas de farmacia na Comunidade Autónoma. Este sistema permitiu que, desde febreiro de 2012, máis de 1.200 oficinas de farmacia e máis de 400 centros de saúde estean conectadas ao sistema, beneficiando a máis de 2.500.000 cidadáns, o 100 % da poboación galega.

A implantación progresiva destes sistemas permitiu a súa utilización xeneralizada en todo o sistema sanitario público galego, constituíndose como infraestruturas críticas para garantir a continuidade asistencial e o acceso da cidadanía aos tratamentos prescritos en calquera ámbito de atención e nas oficinas de farmacia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con todo, a crecente complexidade da atención sanitaria, o incremento da cronicidade e da polimedicación, a incorporación constante de novos medicamentos e terapias avanzadas, a dispoñibilidade da información clínica, microbiolóxica e farmacoxenómica de alto valor, así como a necesidade de mellorar a seguridade do paciente e os resultados en saúde, fan necesario evolucionar o modelo actual cara a un novo paradigma baseado no apoio activo á decisión farmacoterapéutica.

Funcións

As actuacións que se deben desenvolver a través deste contrato inclúen un modelo proactivo de axuda á decisión médica, é dicir, a evolución desde sistemas centrados no rexistro e na xestión da prescrición cara a un modelo capaz de analizar de xeito continuo a información clínica farmacoterapéutica dispoñible para xerar alertas, recomendacións, validacións e indicadores que axuden o profesional na toma de decisións.

Tamén a mellora na seguridade farmacoterapéutica, que consiste no reforzo das capacidades de detección e prevención de riscos asociados ao uso de medicamentos, incluíndo interaccións medicamentosas, contraindicacións, duplicidades terapéuticas, problemas de conciliación, adecuación das doses e outras situacións susceptibles de producir eventos adversos.

Así mesmo, establece a estratificación e o seguimento de pacientes de risco coa incorporación de mecanismos de identificación proactiva de pacientes con maior complexidade farmacoterapéutica, polimedicación ou risco potencial asociado aos seus tratamentos, o que permite priorizar actuacións clínicas, revisións farmacoterapéuticas e medidas preventivas.

Por outra banda, o expediente recolle a integración progresiva de información farmacoxenómica e doutras variables clínicas relevantes para adaptar a selección e o uso dos medicamentos ás características individuais de cada paciente, favorecendo tratamentos máis seguros e eficientes.

Do mesmo xeito, integra a información clínica, microbiolóxica e farmacoterapéutica para favorecer un uso máis axeitado dos antibióticos e contribuír á loita contra as resistencias antimicrobianas.

Pola súa vez, recolle a consolidación dunha visión integral da medicación do paciente ao longo de todo o proceso asistencial, facilitando a conciliación e o seguimento dos tratamentos entre atención primaria, atención hospitalaria e outros dispositivos asistenciais.

Inclúe, ademais, a evolución dos modelos de dispensación e seguimento, incluíndo capacidades avanzadas para a xestión e a rastrexabilidade da dispensa domiciliaria de medicamentos e produtos sanitarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Súmase a isto a implantación dunha arquitectura corporativa baseada en estándares abertos que facilite a integración de novas capacidades de axuda activa, a reutilización da información sanitaria e a incorporación futura de novas ferramentas de apoio á decisión clínica.

Engloba, tamén, a automatización, eficiencia e produtividade profesional. Automatización de controis e procesos que actualmente requiren revisións manuais, reducindo a carga administrativa e permitindo que os profesionais dediquen máis tempo a actividades de valor clínico e á atención directa ao paciente.

Por último, integra a garantía de continuidade dos servizos críticos de prestación farmacéutica. Mantemento e evolución de plataformas esenciais para a prescrición, validación, dispensación e seguimento dos tratamentos, que constitúen un elemento clave para asegurar o acceso da cidadanía á prestación farmacéutica pública.

Esta contratación enmárcase e complementa as actuacións que a Consellería de Sanidade puxo en marcha no eido da mellora continua da calidade asistencial e a sustentabilidade económica do sistema sanitario público galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DE SISTEMAS DE MONITORIZACIÓN CARDÍACA CON DESTINO ÁS ÁREAS SANITARIAS DO SERGAS POR UN IMPORTE DE 2,2 M€

- Trátase da primeira compra centralizada deste tipo de material, que suporá un aforro para os cinco anos previstos de contrato, coas posibles prórrogas, de preto de 170.000 euros anuais
- Este tipo de material sanitario vai destinado aos servizos de Cardiología Intervencionista e Electrofisiología
- O número de unidades estimadas que se mercarán nunha anualidade é de 1.157
- A monitorización electrocardiográfica ambulatoria prolongada constitúe unha ferramenta esencial para o diagnóstico de arritmias e outros trastornos do ritmo cardíaco

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da subministración sucesiva de sistemas de monitorización cardíaca implantable (*holter*) e monitorización cardíaca externa prolongada tipo parche con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de 2.224.508 euros para un período de dous anos.

O valor estimado do contrato ascende a 5.425.920 euros, atendendo ás posibles prórrogas, por outros tres anos máis.

Trátase da primeira compra centralizada deste tipo de material, o que suporá un aforro para os cinco anos de contrato, coas posibles prórrogas, de preto de 170.000 euros anuais. Deste xeito, asegúrase o cumprimento dos principios de igualdade no acceso, equidade, calidade e sustentabilidade económica en todas as áreas sanitarias deste tipo de material sanitario destinado aos servizos de Cardiología Intervencionista e Electrofisiología.

O número de unidades estimadas que se mercarán nunha anualidade é de 1.157, das cales 523 sería de *holter* implantable e 634 das de *holter* tipo parche.

Ferramenta esencial

A monitorización electrocardiográfica ambulatoria prolongada constitúe unha ferramenta esencial para o diagnóstico de arritmias e outros trastornos do ritmo cardíaco, polo que é necesario dispor de diferentes tecnoloxías que permitan adaptar a estratexia diagnóstica ao perfil clínico do paciente e á frecuencia dos episodios.

O *holter* subcutáneo ou rexistrador implantable de eventos está indicado fundamentalmente en pacientes nos cales se require unha monitorización electrocardiográfica prolongada para establecer a relación entre síntomas e posibles arritmias. Así mesmo, estes dispositivos permiten mellorar o rendemento diagnóstico en arritmias paroxísticas pouco frecuentes, ao proporcionar un rexistro continuo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

durante longos períodos, facilitando a toma de decisións terapéuticas baseadas en evidencia.

O sistema de monitorización prolongada tipo parche (externo), permite a monitorización electrocardiográfica ambulatoria continua durante períodos intermedios (aproximadamente 15 días a un mes), en condicións de vida diaria do paciente. Este tipo de dispositivo supera as limitacións do *holter* tradicional de 24 horas baseado en gravadora, ao ampliar a *fiestra* de rexistro e mellorar a tolerancia e adherencia, facilitando a detección de episodios intermitentes en pacientes con sintomatoloxía non diaria.

Segundo a evidencia actual recollida en guías e consensos científicos, en pacientes con ictus criptoxénico recoméndase realizar unha monitorización prolongada do ritmo cardíaco durante, polo menos, 2 a 4 semanas tras o evento, especialmente cando a avaliación inicial non identifica a causa, xa que esta estratexia incrementa de xeito significativo a detección de fibrilación auricular subclínica e permite optimizar a prevención secundaria.

O ictus en Galicia presenta un elevado impacto, tanto en mortalidade como en morbilidade; sitúase como unha das principais causas de morte (primeira en mulleres e segunda en homes) e destaca, ademais, pola súa elevada carga de enfermidade, ao ocupar posicións relevantes en anos de vida perdidos, morbilidade hospitalaria e constituír a principal causa de discapacidade permanente na idade adulta.

Neste sentido, os dispositivos implantables subcutáneos e os sistemas de monitorización prolongada externos tipo parche presentan características complementarias. A coexistencia de ambas as tecnoloxías no marco do contrato responde, polo tanto, á necesidade de cubrir todo o espectro de necesidades diagnósticas: desde monitorización prolongada de semanas ata seguimento continuo de longa duración; adecuar a estratexia diagnóstica á frecuencia dos síntomas optimizando o rendemento clínico da proba; reducir exploracións repetidas ou non concluíntes asociadas a monitorizacións de curta duración insuficientes, e permitir a monitorización en condicións reais de vida, mellorando a capacidade de detección de eventos clinicamente relevantes.

En consecuencia, considérase necesario incluír ambos os tipos de sistemas neste contrato, garantindo así unha resposta integral, eficiente e adaptada á práctica clínica habitual.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN CENTRALIZADA DA SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE VIDEOBRONCOSCOPIOS DUN SÓ USO CON DESTINO ÁS SETE ÁREAS SANITARIAS DE GALICIA CUN INVESTIMENTO DE 2,5 M€

- Trátase da primeira compra centralizada deste tipo de material, que suporá un aforro de máis de 264.000 euros anuais
- A dispoñibilidade deste material permite realizar a exploración diagnóstica e terapéutica á beira da cama do paciente
- Adquiriranse 73 videobroncoscopios flexibles dun só uso de diferentes tamaños, aos cales hai que engadir o material funxible, como agullas de punción guiadas por ultrasóns, criosondas flexibles ou balóns ecobroncoscópicos

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación, por un importe de 2.578.542,40 euros, da subministración sucesiva de videobroncoscopios dun só uso e material funxible de ecobroncoscopia con destino ás sete áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

O contrato terá unha duración de dous anos e recolle unha posible prórroga de 36 meses. Neste caso, o seu valor estimado acada os 5.753.772,36 euros.

Trátase da primeira compra centralizada deste tipo de material, que suporá un aforro para os dous anos de contrato, coas posibles prórrogas, de preto de 264.328,39 euros anuais.

Con esta compra centralizada, a Xunta asegura o cumprimento dos principios de igualdade no acceso, equidade, calidade e sustentabilidade económica en todas as áreas sanitarias deste tipo de material sanitario.

En total, a Xunta adquirirá 73 videobroncoscopios flexibles dun só uso de diferentes tamaños, aos cales hai que engadir o material funxible, entre o que se atopan agullas de punción guiadas por ultrasóns, criosondas flexibles ou balóns ecobroncoscópicos.

Exploración diagnóstica e terapéutica

A exploración e a abordaxe diagnóstica ou terapéutica da vía aérea realízase habitualmente mediante broncoscopia flexible, utilizando equipos reutilizables, que requiren procesos de limpeza, desinfección de alto nivel e reprocesamento entre pacientes.

Con todo, en determinados contornos asistenciais, como as unidades de coidados intensivos, urxencias ou situacións con elevado risco de contaminación cruzada, resulta especialmente útil dispor de broncoscopios flexibles dun só uso.

A dispoñibilidade de broncoscopios flexibles dun só uso, mediante a súa conexión a unha pantalla de vídeo portátil, permite realizar a exploración diagnóstica e terapéutica á

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

beira da cama do paciente. Isto resulta especialmente útil en situacións en que o traslado do paciente non é posible ou non está recomendado.

Estes dispositivos permiten garantir a dispoñibilidade inmediata do equipamento, evitar os tempos asociados ao reprocesamento e reducir o risco de transmisión de infeccións, polo que constitúen unha alternativa eficiente e segura para a realización de procedementos diagnósticos e terapéuticos sobre a vía aérea.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE 26,6 M€ NA COMPRA DE MATERIAL CIRÚRXICO DUN SÓ USO PARA A REALIZACIÓN DE INTERVENCIÓNS LAPAROSCÓPICAS E DE CIRURXÍA ABERTA NOS HOSPITAIS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Entre o material cirúrxico adquirido atópanse trocares ópticos, pinzas, sistemas de succión e irrigación, tubos e filtros dun só uso
- O contrato tamén inclúe a posta á disposición dun mínimo de 24 torres de laparoscopia e do equipamento complementario necesario para a súa utilización
- Trátase da segunda compra centralizada deste tipo de material, o que permitirá acadar un aforro estimado de preto de 8 M€
- O contrato terá unha duración de dous anos, con posible prórroga por 36 meses máis

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación, por 26.617.420 euros, da subministración sucesiva de material cirúrxico dun só uso, necesario para a realización de intervencións laparoscópicas e de cirurxía aberta, con destino ao conxunto de hospitais do Servizo Galego de Saúde.

O expediente recolle a adquisición de material cirúrxico dun só uso de diferentes categorías, entre o cal se atopan diferentes tipos de trocares ópticos, tesoiras, disectores, pinzas para disección, sistemas de succión e irrigación, tubos e filtros dun só uso.

O contrato tamén inclúe a posta á disposición nas sete áreas sanitarias dun mínimo de 24 torres de laparoscopia, xunto co equipamento complementario necesario para a súa utilización durante a vixencia do contrato, que terá unha duración inicial de dous anos, con posibilidade de prórroga por un máximo de tres anos adicionais.

Trátase da segunda contratación realizada de forma centralizada polo sistema sanitario público galego, unha modalidade que permite concentrar as necesidades de compra para obter mellores prezos, homoxeneizar os produtos e acadar un maior aforro económico.

Deste xeito, estímase un aforro de 7.956.200 euros durante o período máximo dos cinco anos que prevé o contrato. Este valor inclúe o aforro estimado do material funxible, por un importe de 4.881.200 –o que supón ao redor dun 8 % do total–, e un aforro no valor económico do equipamento de 3.075.000 euros.

Esta compra enmárcase nas actuacións da Consellería de Sanidade orientadas á mellora continua da calidade asistencial e á sustentabilidade económica do sistema sanitario público galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA ACOMETER A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 303.000 €

- O Servizo Galego de Saúde e o Concello vilanovés asinarán un convenio para mellorar a eficiencia enerxética desta infraestrutura de atención primaria
- A actuación inclúe a substitución das carpinterías exteriores e os seus acristalamentos, a impermeabilización das cubertas, a renovación dos elementos de recollida de augas, así como outros traballos de pintura e interiorismo

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vilanova de Arousa para levar a cabo unha reforma no centro de saúde deste municipio. A actuación suporá un investimento de 303.921 euros e será financiada ao 50 % por cada unha das administracións.

Na súa aposta por mellorar e modernizar as infraestruturas sanitarias galegas, o Executivo autonómico autorizou este acordo de colaboración para levar a cabo melloras que permitirán optimizar a eficiencia enerxética do centro de saúde, ademais de resolver as filtracións que presentaba a cuberta.

O proxecto de reforma inclúe a renovación integral da envolvente do edificio mediante a substitución das carpinterías exteriores por cerramentos de aluminio con dobre acristalamento, así como o levantamento e impermeabilización da súa cuberta.

Así, procederase coa renovación das cubertas planas e transitables do edificio mediante a instalación dun novo solado apto para o paso peonil e o tratamento específico de puntos singulares.

As melloras previstas na parte exterior do centro de saúde de Vilanova de Arousa completaranse coa substitución integral do seu sistema de evacuación de augas, ao estar proxectada a instalación de novas canles e baixantes.

No interior do centro de saúde, o proxecto inclúe o revestimento e alicatado con azulexos de diferentes zonas do edificio, o remate dos ocos vinculados ás novas carpinterías, así como o pintado xeral dos seus espazos.

Esta intervención permitirá modernizar as instalacións, mellorar o confort de pacientes e profesionais e prolongar a vida útil do edificio. Así, as obras planificaranse, ademais, de maneira que poidan compatibilizarse coa continuidade da actividade asistencial e minimizar as molestias durante a súa execución.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O acordo autorizado hoxe polo Consello da Xunta terá vixencia desde a súa sinatura ata o vindeiro 29 de decembro de 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA SEDE DA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA

- O Consello da Xunta abordou hoxe o protocolo de colaboración co Concello de Santiago de Compostela para a cesión dunha parcela municipal
- A nova sede permitirá acompañar o incremento da actividade que está a rexistrar a Fundación nos últimos anos, favorecendo así o desenvolvemento de novas investigacións vinculadas á medicina molecular
- A Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica é unha institución de referencia neste eido, cunha actividade que transcende Galicia e que participa en redes e proxectos de ámbito estatal
- Esta institución de interese científico-sanitario desenvolve importantes proxectos de investigación, como é o caso do proxecto Xenoma Galicia
- Ata o de agora, esta iniciativa permitiu detectar 49 persoas con variantes xenéticas de risco entre as 2.816 mostras que se levan analizado
- Nestes momentos estanse recollendo as mostras das persoas que foron invitadas a participar no distrito sanitario de Ourense e a finais deste mesmo mes recolleranse as dos invitados a participar no Barco de Valdeorras e en Verín
- Este proxecto pioneiro, cun investimento da Xunta de 20 millóns de euros, busca recompilar o ADN de 400.000 galegos

O Goberno galego impulsa a construción das novas instalacións para a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica. Así, o Consello da Xunta de hoxe tomou en razón o protocolo de colaboración co Concello de Santiago de Compostela para a cesión dunha parcela municipal con destino á nova sede para a Fundación.

Na actualidade, a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica ten as súas instalacións no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. Debido ao progresivo incremento da súa actividade investigadora e asistencial, considérase que é preciso avanzar cara á disposición dunhas novas instalacións, máis amplas e modernas, coas cales se consiga dar resposta ás necesidades actuais e futuras.

Nesta liña, o protocolo abordado hoxe establece un marco de colaboración entre ambas as administracións co fin de impulsar a cesión dos terreos municipais necesarios para construír unha nova sede para este centro de investigación.

O obxectivo do impulso da nova sede por parte do Executivo autonómico é dotar de maior capacidade o ecosistema de investigación e innovación da medicina xenómica en Galicia, permitindo acompañar o crecemento desta entidade e favorecendo a posta en marcha de proxectos de maior alcance.

Aposta pola medicina molecular e a investigación científico-sanitaria

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica é unha fundación pública dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e está clasificada como de interese científico-sanitario. Trátase dunha institución de referencia neste eido, cunha actividade que transcende Galicia e participa en redes e proxectos de ámbito estatal.

A súa finalidade é o desenvolvemento de actividades relacionadas coa medicina molecular, cun importante labor en áreas como a xenética humana, a biotecnoloxía, a terapia xénica, a farmacoxenética e a inmunoloxía, así como no coñecemento das aplicacións derivadas do proxecto Xenoma Humano.

A aprobación deste protocolo reafirma a aposta da Xunta pola medicina molecular e pola investigación científico-sanitaria como ferramentas fundamentais para avanzar cara a unha medicina cada vez máis preventiva, personalizada e de precisión.

Neste ámbito, Galicia está a desenvolver iniciativas de gran relevancia, entre as cales destaca o proxecto Xenoma Galicia, impulsado pola Consellería de Sanidade e coordinado pola Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

Dirixido polos investigadores María Brión e Ángel Carracedo, este pioneiro proxecto pretende analizar o ADN de 400.000 galegos e conta cun investimento da Xunta de 20 millóns de euros.

Ata o de agora, o proxecto Xenoma Galicia permitiu detectar 49 persoas con variantes xenéticas de risco entre as 2.816 mostras que se levan analizado: 26 positivos para cancro de mama e de ovario hereditarios; 7 positivos para síndrome de Lynch; 1 positivo para as dúas anteriores, e 15 positivos para hipercolesterolemia familiar.

No momento actual estanse recollendo as mostras das persoas que foron invitadas a participar no distrito sanitario de Ourense e a finais deste mesmo mes recolleranse as dos invitados a participar no Barco de Valdeorras e en Verín.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA O PROCESO PARA ACELERAR A INTEGRACIÓN LABORAL DAS PERSOAS ACOLLIDAS Á REGULARIZACIÓN EXTRAORDINARIA E CUBRIR VACANTES DAS EMPRESAS

- O presidente da Xunta lembra que este proceso xa está a ter impacto nas cifras de paro rexistrado, con “máis de 2.100 persoas inscritas nas oficinas de emprego da comunidade como consecuencia deste proceso”
- O Consello analizou a nova iniciativa, que pretende cubrir unha das numerosas eivas denunciadas pola Administración galega sobre o procedemento posto en marcha polo Goberno central, como a falta de medidas de acompañamento no eido laboral
- “O obxectivo é promover unha migración ordenada, segura e eficaz e que ademais estea conectada coas necesidades do tecido produtivo e a urxencia de cubrir postos vacantes”, explicou Rueda
- O orzamento inicial do programa, incluído en *Galicia Suma Talento*, supera os 2,6 M€ e inclúe a sinatura de distintos convenios con “nove entidades sen ánimo de lucro cunha ampla experiencia a prol da inserción laboral e social” na Comunidade
- A primeira fase da iniciativa, baseada en microcredenciais para a integración laboral e que se desenvolverá ata finais de 2027, prevé beneficiar 500 persoas mediante itinerarios individualizados de formación e de inserción profesional

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a posta en marcha “dun programa específico para facilitar e acelerar a integración laboral das persoas acollidas na comunidade ao proceso de regularización extraordinario que promoveu o Goberno central”, que estará dotado de 2,6 millóns de euros.

Esta iniciativa pretende atallar unha das numerosas eivas denunciadas pola Administración autonómica sobre o procedemento posto en marcha polo Executivo central —a ausencia de medidas de acompañamento efectivas que se traduzan en oportunidades reais de emprego para acadar unha integración plena— e favorecer que o cambio na situación administrativa destas persoas beneficie tanto as empresas con dificultades para cubrir vacantes como o conxunto da Comunidade.

“O obxectivo é promover unha migración ordenada, segura e eficaz e que ademais estea conectada coas necesidades do tecido produtivo e a urxencia de cubrir postos vacantes”, explicou Rueda, ao mesmo tempo que lembrou que a Xunta “non está de acordo coa maneira na que o Goberno central realizou esta regularización, xa que non se consultou ás comunidades, nin se avaliou o seu impacto sobre os servizos públicos do Estado de Benestar e tampouco se garantiron os fondos para garantir unha correcta integración destas persoas”, explicou.

De feito, o Goberno galego considera vital avanzar neste eido tendo en conta que o resultado deste proceso extraordinario de regularización xa está a ter impacto nas cifras de paro rexistrado de Galicia. Tal e como indicou o presidente, na actualidade hai

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

“máis de 2.100 persoas inscritas nas oficinas de emprego da comunidade como consecuencia deste proceso” e o feito de contar con traballo é básico para acadar unha integración plena no territorio. “Galicia está a facer todo o necesario para que estas persoas traballen e sumen e poidan integrarse para que esta terra prospere”, asegurou.

O programa arrinca cun orzamento inicial de máis de 2,6 M€ e inclúe a sinatura de convenios de colaboración con “nove entidades sen ánimo de lucro —Cáritas Federadas en Galicia, Cáritas Diocesana de Lugo, Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia, ONG Rescate Internacional, Unións Agrarias-UPA, Fundación Juan Soñador, Asociación Ecos do Sur, ONG Mestura e Cruz Roja Española en Galicia— que contan cunha ampla experiencia na inserción laboral e social das persoas migrantes”, indicou Rueda, polo que porán o seu coñecemento e medios para acelerar na medida do posible a incorporación efectiva ao mercado laboral das persoas regularizadas.

Estas organizacións terán como obxectivo casar as ofertas de emprego que elas mesmas xestionan, as dispoñibles no SPEG e mesmo as das empresas de traballo temporal (ETT) cos perfís das persoas regularizadas, co fin de contribuír a cubrir as necesidades de persoal existentes en determinados sectores do tecido produtivo galego.

A primeira fase do programa, baseado en microcredenciais para a integración laboral e que irá ata finais de 2027, prevé itinerarios individualizados de formación e inserción laboral que comezarán coa selección das persoas participantes e coa prospección das empresas para identificar os sectores e postos con maiores posibilidades de contratación. A partir desa información deseñaranse accións formativas de carácter breve adaptadas aos postos de traballo. “O obxectivo é que, polo menos nun principio, 500 persoas logren emprego”, indicou o presidente da Xunta, garantindo que “a súa permanencia na comunidade estea vencellada a existencia dun contrato”.

Os itinerarios incluírán orientación, diagnose, formación e acompañamento durante todo o proceso, así como formación en igualdade e apoio para obter o permiso de condución da clase B. A etapa final centrarase na casación entre ofertas de emprego e persoas participantes, na súa inserción laboral e no seguimento posterior.

Experiencia previa

Este programa dentro de *Galicia Suma Talento* dá continuidade á experiencia autonómica en programas anteriores de inserción laboral de poboación migrante, tamén en colaboración con entidades do terceiro sector. Entre 2023 e 2025, baixo a figura do arraigamento socioformativo, estas actuacións beneficiaron 280 persoas en situación irregular en ámbitos como o turismo, a hostalaría, a atención sociosanitaria, a construción ou a gandería.

Agora vólvese combinar a importancia da formación específica, adaptada ás necesidades das empresas e de curta duración, coas vacantes existentes para contribuír á inserción.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo é facilitar o acceso a un ou varios contratos cos cales cumprir os requisitos para renovar ou modificar a súa autorización inicial de residencia e traballo.

Este programa complementa a estratexia de captación de talento exterior da Xunta, baseada nun modelo propio de inmigración ordenada, segura e eficaz, vinculado ás necesidades do tecido produtivo. A estratexia céntrase, nun primeiro eixe, nos galegos do exterior e, nun segundo, en traballadores procedentes de terceiros países.

Nesta folla de ruta, e tal e como lembrou Rueda, resulta tamén prioritario contar coas competencias sobre as autorizacións iniciais de traballo, unha transferencia que a Xunta negocia co Goberno central. "Esperamos que antes de que remate o mes ou no vindeiro mes de outubro se poida culminar esa transferencia", apuntou.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ESIXE A RETIRADA DA PROPOSTA ESTATAL DE MODIFICAR A LEXISLACIÓN DE COSTAS PARA APLICAR CRITERIOS DE DESLINDE MÁIS RESTRICTIVOS E ADVIRTE DE QUE PODE AFECTAR A 2.500 EDIFICACIÓNS EN GALICIA

- Anuncia que esta semana se van presentar alegacións ao Real Decreto de xestión dos riscos de inundación, no que se inclúen estes cambios
- Sinala que o Goberno central pretende eliminar a actual esixencia de que o mar alcance unha determinada cota de maneira recorrente para delimitar o dominio público marítimo-terrestre
- Apunta a que a normativa establecerá unha nova referencia baseada só nunha máxima onda rexistrada nun momento concreto e desde un período temporal indefinido e aberto
- Alerta de que estes cambios ampliarían ata "os 156 km²" o dominio público no litoral galego, o que afectaría a "depuradoras, pavillóns ou industrias"
- A Xunta advirte de que, desde o punto de vista da xestión do risco de inundacións, adianta prazos respecto da normativa europea e pode xerar duplicidades e maiores custos para os organismos de conca sen os recursos necesarios para asumilos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que a Administración galega vai esixir ao Goberno central "que retire a súa proposta" de modificar os criterios para establecer os deslindes na costa, é dicir, delimitar o dominio público marítimo-terrestre (DPMT).

O Goberno autonómico advirte da "inseguridade xurídica", a falta de rigor técnico e a afectación ao dereito á propiedade privada destas modificacións, tendo en conta ademais que, segundo as estimacións realizadas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, poderían chegar "a poñer en risco máis de 2.500 edificacións costeiras" en Galicia.

Precisamente, o Consello tomou razón esta mañá das alegacións –que se van presentar esta semana– no marco da fase de información pública do Real Decreto polo que se adoptan medidas para a xestión dos riscos de inundación que o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico empezou a tramitar o pasado mes de xullo e no que se introducen estes cambios nos criterios técnicos de deslinde.

A modificación proposta introduce cambios substanciais na xestión do litoral e, máis concretamente, altera de forma substancial un criterio técnico moi relevante do actual Regulamento Xeral de Costas. Neste sentido, tal e como sinalou o presidente, mentres que ata o momento se esixía que o mar alcanzase unha determinada cota de maneira recorrente –"cinco ocasións nun período de cinco anos como mínimo"– para fixar a liña de deslinde do DPMT, agora este criterio substituíriase tomando como referencia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

unicamente a máxima onda rexistrada nun momento concreto e desde un período temporal indefinido e aberto.

Tal e como alega a Xunta, con esta proposta o Ministerio recupera a mesma modificación que xa tentara introducir no ano 2022 e que foi declarada nula polo propio Tribunal Supremo. Ademais, nesta ocasión faino a través dun real decreto que regula unha materia diferente, en lugar de aproveitar a reforma do Regulamento xeral de Costas que está a tramitar en paralelo.

Máis polo miúdo, a argumentación do Goberno galego defende que a substitución dun criterio técnico baseado no tempo e na frecuencia dos temporais por un criterio absoluto baseado no valor máximo dunha serie histórica de datos suporía, na práctica, que unha única onda excepcional fose suficiente para determinar unha delimitación. Deste xeito, o novo criterio proposto fundamentaríase nun acontecemento illado e puntual que non necesariamente reflicte a situación real e que, ademais, é de cuestionable obxectividade dadas as características da distribución estatística das ondas e as dificultades asociadas ao cálculo deste parámetro.

Para exemplificar a transcendencia e o impacto dun cambio destas características no litoral galego, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático fixo unha análise comparativa do actual DPMT en Galicia tendo en conta o cambio proposto. O estudo estima que esta superficie se incrementaría en 6,53 km² ata chegar, segundo indicou Rueda, “a un total de máis de 156 km² –o equivalente a máis de catro veces o termo municipal da cidade da Coruña– e que nela se contabilizan 2.511 edificacións preexistentes que serían incluídas na zona marítima-terrestre e, polo tanto, pasarían a estar catalogadas como bens de dominio público. Entre elas, explicou o presidente, hai “depuradoras, pavillóns ou industrias” que, no caso de estar en terreos públicos, poderían ser expropiadas “sen ter que facer desembolsos económicos”.

Trátase dun cambio normativo en materia de costas ao que se engade ademais a tramitación paralela da modificación do Regulamento Xeral de Costas, coa que o Goberno central pretende endurecer tamén o actual réxime de concesións no litoral, así como as súas prórrogas.

Outras observacións en materia de inundacións

Así mesmo, tendo en conta a materia principal que ten como obxecto regular o real decreto en tramitación, a Xunta tamén inclúe unha serie de observacións técnicas desde o punto de vista da xestión do risco de inundacións. Neste sentido, alega que a modificación proposta, ademais de incorporar novas esixencias documentais e administrativas, introduce tamén novas obrigas e limitacións de usos para os territorios sometidos a risco de inundación, como a prohibición de acampadas, a instalación de cámpings ou a celebración de determinados eventos con concentración de persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Advírtese así mesmo de que moitas destas novas obrigas non van acompañadas de criterios técnicos suficientemente claros e homoxéneos, o que pode xerar diferentes interpretacións na súa aplicación. Ao que se engade o risco de duplicidades e solapamentos con instrumentos e traballos que xa existen, tanto cos Plans de Xestión do Risco de Inundación (PXRI) como cos informes de seguimento e estudos que xa realiza Augas de Galicia.

A Xunta tamén considera excesivamente apresurados algúns dos prazos previstos, xa que se adiantan aos establecidos pola normativa europea, que contempla calendarios máis amplos para a súa aplicación. Ademais, parte dos criterios técnicos que deberán concretar as novas esixencias aínda non estarán dispoñibles ata 2028, o que podería obrigir a adaptar ou reelaborar traballos realizados con anterioridade.

Por último, a análise realizada polo Goberno galego conclúe tamén que a aplicación do real decreto suporá un incremento dos gastos públicos dos organismos de conca —no caso de Galicia, Augas de Galicia— que non consta que fosen cuantificados nin que vaian acompañados da transferencia dos recursos necesarios para facerlles fronte.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A EGAP DESENVOLVE 216 ACTIVIDADES FORMATIVAS CON 11.000 PRAZAS EN MATERIA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E PROTECCIÓN DE DATOS

Formación continua, cursos superiores e actividades divulgativas como xornadas, conferencias e formación práctica dixital configuran o programa formativo da Escola para este ano

A Escola Galega de Administración Pública desenvolverá ao longo deste ano 2026 un total de 216 actividades formativas, con 11.000 prazas para o persoal empregado público, en materia de administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa. Así se desprende dun informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta.

A Escola Galega de Administración Pública e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia veñen colaborando estreitamente desde 2018 con convenios anuais que permiten organizar diversas actividades de formación para os empregados públicos e contribuír a acadar unha Administración máis eficaz e eficiente que ofrezca mellores servizos á cidadanía a través do incremento da transparencia na xestión, do achegamento da Administración ás persoas, dunha maior axilidade e eficiencia na tramitación dos procedementos e dunha maior accesibilidade.

Cursos de formación continua

Así, o programa deste ano ofrece cursos de formación continua sobre a administración electrónica, a intelixencia artificial, coa novidade dun curso centrado na aplicación práctica da Lei 2/2025 para persoas comisionadas de IA, a robotización, o teletraballo, con actividades formativas sobre as súas ferramentas específicas e a xestión do tempo, ou a protección de datos.

Continúan, ademais, as actividades dentro do Marco galego de competencias dixitais ComDix, dirixidas á certificación do uso das tecnoloxías no ámbito persoal, social, educativo e profesional de forma efectiva, segura, crítica, creativa e cívica. Nesta liña, ao longo deste ano levaranse a cabo ata 47 actividades, con 5.300 prazas destinadas aos distintos colectivos do persoal empregado público.

Cursos superiores

A EGAP ofrece tamén unha formación máis especializada e cunha duración maior, a través de tres cursos superiores (CS) relacionados con áreas TIC específicas, como o da administración electrónica, que lle permitirá ao alumnado afondar na importancia da implantación desta ferramenta no sector público en beneficio da cidadanía, que verá reducidos os trámites e os tempos de espera para levalos a cabo.

O Curso superior en ciberseguridade, pola súa banda, facilitaralle ao persoal do sector público unha visión global dos sistemas de información, das súas vulnerabilidades e das ameazas e riscos que comporta o seu uso, desde unha perspectiva xurídica, técnica e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

práctica. Por outra banda, o CS en protección de datos abordará os principios básicos de seguridade e as medidas que é preciso implantar nos sistemas de información para evitar riscos.

Outras actividades divulgativas

Ao longo do ano, a EGAP desenvolve tamén outras actividades divulgativas. Destacan os e-martes, que buscan formar de maneira práctica e dinámica nas materias máis relevantes para a Administración como consecuencia dos continuos cambios tecnolóxicos e normativos. Trátase dunha sesión formativa única que mestura teoría e práctica para aprender o manexo das principais aplicacións.

No primeiro semestre do ano realizouse unha xornada de formación práctica dixital sobre notificacións electrónicas, con 50 prazas. Está prevista a continuación desta formación, con xornadas sobre o uso de certificados electrónicos, os sistemas para a contratación pública e o Rexistro electrónico na Xunta de Galicia.

Tamén terá lugar unha xornada sobre a *Xestión do coñecemento na era da intelixencia artificial. Retos para as administracións públicas* e unha conferencia acerca da *Alfabetización dixital dos empregados públicos*.

Todas estas actividades poñen de manifesto o esforzo que está a levar a cabo a EGAP para contribuír á capacitación do persoal empregado público no uso das TIC e garantir a mellor prestación dos servizos público á cidadanía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA ESTE ANO CASE 8 M€ A ACTUACIÓNS PREVENTIVAS FRONTE AOS INCENDIOS EN MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN E AGRUPACIÓNS FORESTAIS DE XESTIÓN CONXUNTA, CASE O DOBRE QUE NO 2025

- Por unha banda, neste 2026 executáronse as axudas aos montes veciñais e ás agrupacións forestais de xestión conxunta correspondentes á convocatoria de 2025, con 283 beneficiarios e unha superficie global de actuación de preto de 8.000 hectáreas
- Por outra banda, Medio Rural investiu máis de 2.400.000 euros en actuacións preventivas directas, mediante licitación pública, cun total de 63 expedientes aprobados neste 2026, un labor desenvolvido en máis de cen concellos dos dezanove distritos forestais de Galicia
- Trátase fundamentalmente de actuacións enfocadas ás denominadas redes terciarias de faixas de xestión da biomasa, sobre todo vías e camiños forestais, devasas, faixas auxiliares de pista, rozas ou áreas cortalumes
- Na última década, Medio Rural destinou algo máis de 30 millóns de euros ás axudas preventivas para comunidades de montes veciñais en man común e, como media, en cada convocatoria houbo unhas 429 beneficiarias destas achegas

A Xunta, a través da Consellería do Medio Rural, destina este ano preto de 8 millóns de euros á realización de actuacións preventivas en montes veciñais en man común e agrupacións forestais de xestión conxunta. Esta cantidade representa case o dobre do investimento realizado para o ano 2025, que foi de 4,8 millóns de euros. Así se recolle nun informe da Consellería do Medio Rural do cal tomou razón hoxe o Consello do Goberno galego.

Por unha banda, neste 2026 executáronse as axudas aos montes veciñais e ás agrupacións forestais correspondentes á convocatoria de 2025, cun orzamento total de 5.400.000 euros. Resultaron beneficiarias 283 entidades, cunha superficie global de actuación de 7.993,61 hectáreas e cun prazo de execución que remata mañá, día 15 de setembro.

Por outra banda, Medio Rural, a través da Dirección xeral de Defensa do Monte, investiu máis de 2.400.000 euros en actuacións preventivas directas, mediante licitación pública, cun total de 63 expedientes aprobados neste 2026, un labor desenvolvido en máis de cen concellos dos dezanove distritos forestais de Galicia.

Esta dobre vía de actuación incrementa a capacidade preventiva da Administración e permite unha utilización máis eficiente dos recursos públicos, combinando a colaboración coas entidades propietarias e xestoras dos montes coa intervención directa da propia Xunta de Galicia sobre o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Necesidade de adaptación

A prevención constitúe unha das bases fundamentais na loita contra os incendios forestais. Nesta liña, o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) incide na necesidade de adaptar a política de prevención á realidade actual dos incendios forestais, caracterizada por episodios climatolóxicos extremos e por lumes de maior intensidade e complexidade. Neste contexto, a planificación autonómica aposta expresamente polo reforzo da prevención, xunto coa innovación tecnolóxica, a formación e a mellora da capacidade de resposta.

Dentro desta estratexia, cobran especial relevancia as actuacións destinadas á xestión da biomasa e á creación, conservación e mellora das infraestruturas preventivas, xa que permiten reducir a continuidade da vexetación e, polo tanto, dificultar a propagación do lume. O propio Pladiga 2026 incorpora a silvicultura preventiva e a creación e mellora das infraestruturas de defensa como elementos específicos do Plan de prevención.

Neste caso, trátase fundamentalmente de actuacións enfocadas ás denominadas redes terciarias de faixas de xestión da biomasa, sobre todo vías e camiños forestais, devasas, faixas auxiliares de pista, rozas ou áreas cortalumes.

Axudas a montes veciñais e agrupacións de xestión conxunta

A liña de axudas para montes veciñais en man común e agrupacións forestais de xestión conxunta convócase periodicamente en concorrencia competitiva e facilita que estas entidades poidan acometer os traballos necesarios para manter as infraestruturas preventivas e reducir a acumulación de biomasa.

Para a resolución destas achegas aplícase un baremo que dá prioridade ao interese preventivo e á incidencia territorial das actuacións, valorando aspectos como a localización das actuacións en zonas de especial risco de incendio forestal; a superficie forestal da entidade solicitante e número de comunidades integrantes en caso de agrupación; ou a existencia de instrumentos de ordenación ou xestión forestal e de montes con certificación forestal.

Na última década, Medio Rural destinou algo máis de 30 millóns de euros ás axudas preventivas para comunidades de montes veciñais en man común. Como media, en cada convocatoria houbo unhas 429 beneficiarias destas achegas.

Pola súa parte, as accións directas da Administración permiten intervir sobre aqueles montes, infraestruturas ou ámbitos territoriais que presentan un especial interese desde o punto de vista da prevención; é dicir, sobre zonas consideradas estratéxicas. Así, completan ou reforzan as actuacións realizadas mediante as liñas de axudas e garanten a execución de determinados traballos cando resulte necesario por razóns de interese xeral ou de prioridade preventiva.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA CASE 17 M€ NO LITORAL GALEGO EN 2026 COA APROBACIÓN DE 134 PROXECTOS AO ABEIRO DAS ESTRATEGIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO

- O Consello da Xunta avaliou o informe sobre a resolución destas axudas cofinanciadas polo FEMPA, que achegan 9,7 M€ de fondos públicos e captan máis de 7,1 M€ de investimento privado
- A Consellería do Mar incrementou o crédito dispoñible nun 50 % —cunha inxección engadida de 3,4 M€— para dar cobertura a máis do 60 % das 226 solicitudes presentadas polos oito grupos de acción local
- As iniciativas aprobadas prevén crear 46,7 novos empregos a tempo completo e as actividades económicas concentran o 82 % deses novos postos de traballo

O Consello da Xunta avaliou hoxe o informe da Consellería do Mar sobre a resolución da convocatoria de axudas de 2026 para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), xestionadas en colaboración cos oito grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). Esta liña de achegas saldouse coa aprobación de 134 proxectos que mobilizarán un investimento global de case 17 millóns de euros nas vilas e comarcas costeiras galegas, sustentado nun apoio público de 9,72 millóns de euros e na captación de investimento privado directo de máis de 7,16 millóns.

Para atender a forte demanda do sector —cun incremento do 6 % nas solicitudes (226) e de preto do 20 % nos proxectos aprobados respecto da media das tres convocatorias precedentes—, a Xunta aprobou o pasado mes de xuño unha ampliación orzamentaria de 3,42 millóns sobre o crédito inicial de 6,9 millóns, acadando os 10,32 millóns de euros de capacidade financeira e convertendo a de 2026 na segunda mellor convocatoria de todo o período tanto en proxectos como en fondos mobilizados.

Por tipoloxía, 50 proxectos corresponden a actividades económicas promovidas polo tecido empresarial e profesional do mar —centradas fundamentalmente na mellora operativa e comercializadora e na diversificación da actividade como o impulso do pescaturismo e o turismo mariñeiro—, que absorben 4,42 millóns de euros en axudas públicas e mobilizan máis de 5,85 millóns de investimento privado, superando os 10,27 millóns de mobilización total.

Os 84 proxectos restantes foron impulsados por entidades sen ánimo de lucro e corporacións locais cunha axuda pública de 5,30 millóns de euros dirixida a potenciar a sustentabilidade ambiental, o patrimonio cultural mariñeiro, a carpintaría de ribeira e a recuperación de roteiros tradicionais e miradoiros. No eido laboral, o informe prevé a creación de 46,7 novos empregos a tempo completo, e o ámbito produtivo concentra máis do 82 % destes postos (38,2 empregos). Con esta resolución, as catro

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

convocatorias executadas baixo o actual marco FEMPA (2023-2026) sitúan a previsión de emprego acumulada en 245,9 postos e elevan o nivel de execución orzamentaria ao 84 % do crédito total dispoñible ata 2027, con 34,31 millóns de euros comprometidos.

Territorialización dos apoios

O impacto das axudas distribúese de xeito equilibrado por todo o litoral galego a través dos oito grupos. O GALP Seo de Fisterra-Ría de Muros e Noia (Costa Sostible) lidera o volume de axuda concedida con 2,15 millóns de euros para 15 proxectos, seguido polo GALP A Mariña-Ortegal con 2,06 millóns repartidos en 27 iniciativas. O GALP Golfo Ártabro Sur suma 1,50 millóns de axudas en 21 proxectos; o GALP Ría de Pontevedra, 1,33 millóns en 24 propostas; o GALP Ría de Vigo-A Guarda acada preto de 900.000 euros para 14 proxectos; o GALP Ría de Arousa supera os 877.000 euros con 12 expedientes aprobados; o GALP Golfo Ártabro Norte mobiliza máis de 692.000 euros para 17 iniciativas e o GALP Costa da Morte suma algo máis de 200.000 euros en 4 proxectos.

Entre as accións subvencionadas destacan plans de formación continua e capacitación marítimo-pesqueira na Mariña, a recuperación da carpintaría de ribeira artesanal no Espazo Museo de Cervo e a activación do patrimonio mariñeiro no norte coruñés, cunha nova traíñeira en Narón ou a consolidación do *Espazo Amares* en Ares.

Tamén figuran iniciativas de valorización de residuos plásticos coa *Asociación Íntegro* e apoio ao oficio tradicional das redeiras en Malpica ou proxectos innovadores como o turismo mariñeiro en Carnota; a memoria mariñeira da Pobra e a modernización de buques de monitorización ambiental na ría de Arousa; o deseño de equipamento para a sementeira de ameixa en Campelo e a consolidación de Pescaturismo *Playa de Sanxenxo*; a valorización tecnolóxica de descartes ou fraccións menores de percebe pola Confraría de Cangas xunto á posta en valor das salinas romanas do Aguncheiro en Oia (*SALOIA*); e proxectos de redución e reciclaxe de residuos (*MARZERO*) ou gobernanza na Confraría de Sada.